

Actividades propostas na licencia				
COR	COLAXE	TRABALLO GRUPAL	MODELADO	ESTRUTURAS
COR1. Mostras	COL1. Papeis diferentes	GRU1. Mans	MOD1. Pezas xeométricas	EST1. Vértices e arestas
COR2. Contraste e harmonía	COL2. Positivo-negativo	GRU2. Papel térmico	MOD2. Figuras de plastilina	EST2. Módulos e desenvolvementos
COR3. Monotipos e padróns		GRU3. Mandalas	MOD3. Contentores	EST3. Máscaras
COR4. Interpretacións			MOD4. Relevo	EST4. Capas
COR 5. Mural do corpo			MOD5. Animación	

A licencia "Creatividade e plástica" incide en dous bloques curriculares da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual para 1º ESO: O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios como colectivos. No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Actividades propostas na licencia
b f n	O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.	Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.	MOD4. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe empregándoos como inspiración para crear un relevo con barro.
	Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.		GRU2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea con alcohol no papel térmico.
	Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.		GRU2. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.
a c d n o	Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.	Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos.	COR5. Realiza composicións que transmiten emocións básicas utilizando diversos recursos gráficos.

a f n	Composición: elementos. O ritmo na composición.	Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	COR4. Analiza graficamente o esquema compositivo básico de obras de arte.
			COR3. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.
			EST2. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos en aplicacións ao deseño arquitectónico ou decorativo.
a c d n	Círculo cromático. Cores complementarias.	Experimentar coas cores primarias e secundarias.	COR1. COR2. COR4. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando as cores complementarias e harmónicas en composicións propias e en obras de arte.
a c f o	Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	Experimentar coas texturas.	GRU3. MOD4. Traballa con texturas táctiles utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.
b c e f g n	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Colaxe.	GRU1. COR1. COR2. COR3. COR4. Experimenta coas témperas ou acrílicos aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas.
			COL1. COL2. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.
			COR3. COL1. COL2. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
			GRU3. MOD2. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
b f n o	Manexo da escuadra e cartabón e do compás. Circunferencia e círculo. Construción de triángulos e cuadriláteros.	Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón. Utilizar o compás, realizando exercicios variados.	EST1. Xera elementos volumétricos, prescindindo dos aspectos accidentais e plasmando as súas características estruturais básicas.
		Construír distintos tipos de triángulos e cuadriláteros.	EST2. Xera elementos volumétricos a partir de módulos de círculos, triángulos e cuadriláteros.
	Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	GRU3. Constrúe correctamente polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.
	Corpos xeométricos.	Estudar a construción tridimensional dos sólidos.	MOD1. Constrúe pezas xeométricas sinxelas en 3D. Planifica e organiza as fases de realización dunha peza volumétrica en función da técnica seleccionada.

Obxectivos da educación secundaria obrigatoria:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.